

MEMORABLE NOVELA

ANTÓN RIVEIRO COELLO AMOSA AS SÚAS DOTES PARA A NARRACIÓN
NUNHA NOVELA COA QUE REIVINDICA A VIXENCIA DO XÉNERO

Ramón Nicolás

Acometer un proxecto narrativo que beirea a monumentalidade como este que Antón Riveiro Coello ofrece aos lectores desde hai unhas semanas asumía inequivocamente uns riscos, e non penso tanto na súa densidade como no feito de situarse á altura doutros textos da súa autoría como foron *As regras de Bakunin* ou *Os ollos de K* por só citar dous exemplos. Esa impaciencia, por coñecer e confrontar os camiños polos que o autor limíao decidiu transitar, vai acalmándose e convértese en gozo ao poder achegarse ao que é xa unha novela fundamental na súa traxectoria e que, ao meu xuízo, mesmo reactiva con solvencia a pervivencia e forza deste xénero entre nós.

Un dos motivos da anterior aseveración, que talvez poida semellar hiperbólica mais que eu advirto como xusta, poderíase cifrar na estrutura adoptada, ao meu ver milimetricamente estudada e composta na realidade por catro novelas que se apropian de elementos diferenciadores que se rastrexan nos diferentes estilos, fontes ou recursos narrativos emprega-



Riveiro Coello, autor consagrado

dos: velaí a xinea de novelas raianas coa modelo policiaco ou folletinesco, as da memoria histórica ou mesmo as que afondan en temáticas de orde sentimental, entre outras. É xustamente esa armazón a que facilita a axilidade no avance dunha trama cunha estrutura itinerante que nos convida a internarnos, con intención contrapuntística, por espazos e paisaxes diversas como son Barcelona, Compostela, a Eu-

ropa da Segunda Guerra Mundial, a Pobra do Caramiñal ou Nova York. A esta pluralidade de xeografías correspóndelle tamén unha palmara polifonía de historias e voces narradoras que van adquirindo forma, por veces de xeito sorprendente e inesperado, en ocasións demandando certa esforzo ao lector, mais dominadas sempre polo interese depositado na suxestiva resolución dun enigma, de varios enigmas, que parten dunha carta que remexe os rescaldos do pasado familiar oculto e que nos conducirá polos socalcos vitais dun intelectual en Compostela até a pretensión dun fotógrafo retirado en Brooklyn para salvar un amigo ou esa fermosa e conmovedora historia dunha muller aferrada á memoria que, pouco a pouco, se vai esvaendo.

A MEMORIA

Ademais, Riveiro debulla, cunha intención globalizadora, unha visión sobre conceptos como a da memoria, tanto a individual como a colectiva coa que se funde; a identidade; a reconstrución dun eu que se procura proxectándose nos demais; o amor; o sentimento de culpa



NARRATIVA

«Laura no deserto»

Antón Riveiro Coello. Galaxia, 732 páxinas, 28 euros. ***

ou a verdadeira dimensión da liberdade, afondando nesas aristas máis complexas e aguilloantes, por veces atroces, do ser humano. Algo que, no fondo, non sorprende pois xa moitos motivos agromaran, dun ou doutro xeito, na súa anterior obra narrativa mais que talvez aquí adquiran un fulgor un tanto distinto.

Con *Laura no deserto* cócorreme o que por veces sinto ao ler un gran libro: percíbese o grande esforzo autorial que se ofrece a quen queira achegarse a el e aquí subxace liña tras liña, en cada parágrafo ou capítulo. Por todo isto non é difícil conxectar que este será un título perdurable, vizoso e felizmente asociado á fértil traxectoria do seu autor.